

# Emprender

**DESDE LA RAÍZ**

O desenvolvemento persoal de quen emprende

## DOSSIER



## filosofía

“Emprender desde a raíz” é un proxecto formativo que nace da inquietude de catro emprendedoras do ámbito da psicoloxía, a formación, a educación e a empresa e a súa convicción do valor social e económico do emprendemento en todas as súas formas. Nesta aventura uníronse, na súa vocación de fomentar e divulgar a cultura do emprendemento, con PAZO DE VILANE, contando co seu aval como referente no mundo do emprendemento, que viu nesta iniciativa unha forma de pór ao servizo de quen quere emprender a súa experiencia e a súa traxectoria e apoiar a outras persoas que emprenden, como fixo a familia Varela-Portas cando empezou o seu proxecto nos anos noventa.

“Emprender desde a raíz” é un programa que busca traballar o crecemento persoal de cada persoa emprendedora desde o seu eu máis interno, desenvolvendo habilidades, competencias e calidades que lle permitan coñecerse de forma máis profunda e tomar conciencia propia, para a partir de aí poder desenvolver de maneira máis efectiva a súa iniciativa empresarial.

Este proxecto formativo nace coa filosofía de facer especial fincapé na importancia do apoio e acompañamento persoal a quen quere emprender ou está nos seus inicios, xa que tradicionalmente o apoio que reciben está máis orientado a procesos técnicos, como a creación da empresa ou o asesoramento financeiro, fiscal, económico e laboral. Porén, que ocorre coa persoa emprendedora? que pasa coa súa autoestima ou auto-concepto? como vive o medo e a responsabilidade que supón asumir o risco de crear un proxecto novo? que pasa se non obtén o resultado esperado, como redirixe as expectativas? como manexa a tensión ou a ansiedade dos momentos críticos? e a auto-esixencia?

Esta iniciativa considera, por tanto, que é importante que a persoa emprendedora obteña apoio e acompañamento nestes procesos persoais e noutros que poida vivir, como un elemento clave no camiño de emprender. En definitiva, se parte da idea de que o auto-coñecemento e o desenvolvemento persoal é un factor clave en todo o proceso.



## obxectivos

O obxectivo é conseguir que a persoa emprendedora tome conciencia do seu eu-emprendedor, da súa historia (tanto persoal como familiar), dos seus propios obstáculos e medos, das súas fortalezas e sobre todo da súa capacidade creativa. En definitiva, dotar ao alumnado dun empoderamento suficiente que lle permita non só desenvolver o seu proxecto emprendedor a través da toma de conciencia das súas calidades reais como persoa, senón tamén a través das súas fortalezas e debilidades como líder empresarial.

Neste curso, máis que traballar acerca de “como pensar dunha forma emprendedora” quérese traballar en “como ser unha persoa emprendedora” con todo co que xa cada persoa é. E farao centrándose no coñecemento de si, máis que na realización de tarefas, na resolución de problemas mediante simulacións ou rol-playing de situacións reais, en estimular a capacidade de facer fronte á incerteza, ao fracaso e ao éxito, en potenciar a creatividade, e en xerar unha rede de auto-apoio entre quen participen do proxecto.

Como empresa responsable coa sociedade, Pazo de Vilane pretende a través deste proxecto fomentar e difundir a cultura do emprendemento polo seu valor para o desenvolvemento económico, social e persoal. Pazo de Vilane é un proxecto particularmente de persoas, por iso con esta iniciativa quere pór especial énfase no desenvolvemento dos e as emprendedoras desde unha vertente máis persoal e humana.

# talleres

- Deixarase unha cadencia de **tres semanas** entre o primeiro e o segundo taller para repousar os contidos e reforzalos ao longo das diferentes sesións.
- Terán lugar, en réxime de internado en plena natureza, nunha casa rural moi próxima ás instalacións de Pazo de Vilane chamada “**A casa da terra**” ([www.casadaterra.com](http://www.casadaterra.com)) na provincia de Lugo. O estar en plena natureza, fóra da vida cotiá de quen participen, permitirá a introspección necesaria para chegar a tomar conciencia das súas fortalezas e debilidades na súa tarefa emprendedora.
- A desagregación do custo por taller é de 125€ correspondente ás 15h formativas e de 92€ correspondente ao prezo do aloxamento en **pensión completa**.
- É necesario o **compromiso** de participar nos dous talleres.
- Xunto coa **inscrición** ha de enviarse un C.V., unha descrición dos intereses e motivacións para participar no Ciclo Formativo e unha biografía sobre emprendemento, experiencia e proxectos, se os houbese.
- Realizarase unha **entrevista persoal de selección** entre quen realicen a inscrición.



INFORMACIÓN SOBRE DATAS E INSCRICIÓN EN:

[www.pazodevilane.com/contacto](http://www.pazodevilane.com/contacto)

correo electrónico: [emprendimiento@pazodevilane.com](mailto:emprendimiento@pazodevilane.com)

teléfonos: **982.379.268** y **618.753.017**

## PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES

O proxecto está dirixido a persoas que estean a pensar en emprender, e/ou o queiran facer proximamente, ou aquelas cuxa iniciativa emprendedora estea en fase de despegue ou mesmo a persoas emprendedoras que se atopen nun período de consolidación ou de cambio.

Para poder realizar o curso, as persoas emprendedoras e profesionais con interese, terán que enviar o seu currículo e unha carta de intencións. Entre todas as solicitudes recibidas, o equipo formativo fará unha selección dos 24 alumnos e alumnas que finalmente realizasen o curso en Galicia.

## contexto social

O valor do emprendemento para o desenvolvemento económico, social e persoal está recoñecido socialmente. A actividade emprendedora está asociada a innovación, creatividade e xeración de empresas. Con todo, o emprendemento vai máis aló da creación dunha empresa. O recoñecemento de oportunidades, a asunción de riscos e a perseveranza para a implementación de ideas innovadoras a pesar dos obstáculos, son características da conduta emprendedora que están a cobrar cada vez máis relevancia.

As PEME constitúen a columna vertebral da economía da UE28. En 2015, preto de 23 millóns de PEME xeraron 3.900 millóns de euros de valor engadido e deron emprego a máis das dúas terceiras partes do emprego empresarial.

Segundo estimacións da UE, en España a proporción de PEME sobre o total de empresas é moi similar ao da media europea, 99,9% en España fronte ao 99,8% de Europa.

O número de empresas existente en España a 1 de xaneiro de 2016, segundo o Directorio Central de Empresas (DIRCE), foi de 3.232.706; destas, o 55,38% eran empresas sen persoas asalariadas, o 40,32% con entre 1 e 9 persoas empregadas, e só o 0,12% posuían 250 ou máis persoas asalariadas, é dicir, case a totalidade do conxunto empresarial español, o 99,88%, o que equivale a 3.228.747 unidades produtivas.

# metodoloxía de traballo

“Emprender desde a raíz” propón ao seu alumnado unha metodoloxía de aprendizaxe única baseada nun percorrido interno e individual, que se desenvolve nun contexto grupal. A dinámica exposta ofrece aprender sobre si a partir da experiencia, a vivencia e o sentir tanto dun e unha mesma como do que o grupo e a experiencia grupal achegan. Os talleres desenvolveranse de forma activa e participativa en base a tres eixos:

- **PRINCIPIOS DA TERAPIA GESTALT E A ARTETERAPIA**, onde con dinámicas grupais e ferramentas artísticas traballarase con conceptos que profundan no desenvolvemento do autoconecemento, como a escoita, a presenza, a responsabilidade (ser dono/a de si), a mirada ao presente (aquí e agora), o fenomenolóxico (o obvio, o revelado), a experiencia (o darse conta) e a idea de proceso (de continuum de expresión).
- **O TRABALLO CORPORAL**, que axudará a traer a cada participante ao presente para que tome conciencia de como está, identifique as súas tensións, o seu nivel de enerxía, a súa respiración e como o seu corpo reacciona en cada situación. O corpo será vivido como un vehículo de exploración e descubrimento, buscando o significado de experiencias integradoras para conseguir un equilibrio entre os distintos centros, a saber mental, emocional e corporal que permitan a exploración das nosas necesidades e potencialidades.
- **A CREATIVIDADE**, a procura e a indagación en e sobre a creatividade de quen participan, enfocada ao seu quefacer emprendedor, será un dos focos principais desta proposta de traballo abrindo o seu campo creativo a través de dinámicas expresivas e de xogo que buscan a creación espontánea, natural e xenuína.

Partindo das necesidades e expectativas individuais e do grupo en xeral, adaptaranse as dinámicas tanto en forma como en tempo para conseguir os obxectivos esperados.

## avaliación continua

O curso conta cunha avaliación continua a través do uso de ferramentas de avaliación cuantitativas e cualitativas. Tamén contará cun tipo de avaliación compartida, é dicir, nela participan as facilitadoras, as persoas participantes, Pazo de Vilane e a Casa de Repouso onde se realizan os talleres.

## facilitadoras dos talleres

O EQUIPO PROFESIONAL ESTÁ COMPUESTO POR CATRO TERAPEUTAS GESTALT VINCULADAS Á PSICOLOXÍA, A EDUCACIÓN SOCIAL, A PEDAGOXÍA E O MUNDO DA EMPRESA E O EMPRENDEMENTO:

### PIEDAD VARELA-PORTAS DE ORDUÑA

Licenciada en Dereito e Mestrado en Práctica Xurídica. 15 anos de exercicio profesional da Avogacía, como avogada de empresa. Formada como Arteterapeuta Humanista e Terapeuta Gestalt. Formada en Psicoterapia Integrativa no Programa SAT do Dr. Claudio Naranjo e en Movemento Auténtico con Betina Weissman e Andrés Waksman. Formada en Corpo e Arte, unha formación interdisciplinaria para a saúde, a educación e o desenvolvemento humano dirixida a profesionais e estudantes avanzados das áreas da arte, a saúde, e a educación. Socia e Cofundadora do Proxecto de desenvolvemento rural Pazo de Vilane, onde actualmente exerce as funcións de Conselleira e responsable do Departamento de marketing e comunicación.

### ELDA URIBELARREA BARCINA

Licenciada en Pedagogía e actualmente cursando o grao de Psicoloxía pola UNED. Terapeuta Gestalt. Formada en Psicoterapia Integrativa no Programa SAT do Dr. Claudio Naranjo e en Movemento Auténtico con Betina Weissman e Andrés Waksman. Con formación especializada en liderado e constelacións organizacionais e experiencia de 12 anos en xestión de proxectos e coordinación de equipos vinculados á intervención social e a relación de axuda. Emprendedora corporativa, desenvolveu tres proxectos innovadores na área de intervención con mulleres e menores vítimas de violencia por parte da parella ou ex-parella.

### SÍLVIA PORTO SERRA

Terapeuta Gestalt e Educadora Social. Formada en Psicoterapia Integrativa no Programa SAT do Dr. Claudio Naranjo e en Movemento Auténtico con Betina Weissman e Andrés Waksman. No 2015 axudante no Introductorio do SAT con Assumpta Mateu e Vincens Olivé en Mallorca. Con 15 anos de experiencia profesional no ámbito social con familias, nenos e nenas e adolescentes e 8 anos no ámbito terapéutico. Co-terapeuta dun grupo de crecemento persoal durante 5 anos en consulta privada e axudante durante 2 anos na Escola Gestalt Mediterráneo en Palma de Mallorca. Titora durante 1 ano do primeiro curso de terapia Gestalt. Facilita talleres de Movemento corporal e Movemento Auténtico en Mallorca.

### ANA BELÉN BATRES GARCÍA

Psicóloga e terapeuta. Formada en Terapia Gestalt, Constelacións Familiares e Movemento Auténtico con Betina Weissman e Andrés Waksman. Traballo en Vigo desde o 2008 acompañando ás persoas que asisten á súa consulta, tanto de maneira individual como grupal. Ata o 2008, traballou en Madrid en distintos proxectos de intervención psico-social xestionado por entidades do Terceiro Sector.

CONFERENCIANTE: O Proxecto conta coa presenza de **NURIA VARELA-PORTAS DE ORDUÑA**, Licenciada en Ciencias Económicas e empresariais. MBA en xestión e administración de empresas. Fundadora e Directora xeral do Pazo de Vilane, quen desde a súa ampla traxectoria como emprendedora pon a súa experiencia ao servizo dos participantes nesta proposta mediante unha Conferencia e Charla no segundo fin de semana do mesmo.



Únete a nós na aventura de emprender!

[www.pazodevilane.com](http://www.pazodevilane.com)  
[emprendimiento@pazodevilane.com](mailto:emprendimiento@pazodevilane.com)  
982.379.268 e 618.753.017

UNHA INICIATIVA DE PAZO DE VILANE